

## **Manuel de Paradela e alma inmensa**

Labrego de bulleiro e pan centeo,  
de chuvia morriñenta , de miseria.  
No medio daquela noite de silencio  
erguiches a cabeza para ver o horizonte e non había.  
Pero sempre, inaccesible ao desalento,  
soñaches que detrás daquel outeiro e doutro e doutro,  
latexaba un futuro de sustento.  
E marchaches na procura da esperanza  
co fervor de quen sabe o que hai de certo,  
que outra vida era posible sen tormento.  
E fuches na diáspora obreiro, e galego.  
Obreiro galego e labrego.  
Porque no fondo da túa inmensa alma  
sempre agóchache a esperanza,  
de volver, como fixeches, para sementar os eidos.